



7

nacín nunha pequena aldea



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística





Objetivos

Objetivos desta unidade:

- ❖ Como relatar accións e circunstancias pasadas
- ❖ Como dar e pedir información sobre sucesos
- ❖ Como informar de actividades no pasado consideradas no seu punto de partida
- ❖ Como reaccionar ante un relato

Coñecemento do código

- ❖ Léxico de sentimentos e estados de ánimo
- ❖ Léxico relacionado co mundo laboral
- ❖ Pretérito, copretérito e antepretérito de indicativo
- ❖ Contraste entre pasados
- ❖ Acento diacrítico



Actividade introdutoria

Angélica e Rosa son dúas amigas que xa vimos na unidade 1.


Angélica coida os pais de Fernando. Un día Angélica chama por teléfono moi preocupada e nerviosa á súa amiga Rosa. Minutos máis tarde, as dúas amigas están na casa de Fernando.

Por que cres que Angélica chama a Rosa?

Que puido acontecer?

Pasaríalles algo aos pais de Fernando?



Despois de facer as túas hipóteses, escoita a audición e responde as preguntas. 



Gramática e léxico

Prácticas guiadas

Lembra o pretérito de indicativo (unidade 2) e o copretérito (unidade 6).

ANTEPRETÉRITO DE INDICATIVO

-AR	-ER	-IR
and ara	bebe ra	viv ira
and aras	bebe ras	viv iras
and ara	bebe ra	viv ira
and aramos	bebe ramos	viv iramos
and arades	bebe rades	viv irades
and aran	bebe ran	viv iran

CONTRASTE PRETÉRITO/COPRETÉRITO

O **pretérito** presenta a información como un acontecemento. Expressa unha acción desenvolvida no pasado.

Fun á tenda, comprei froita.

O **copretérito ou imperfecto** presenta a información como unha circunstancia que envolve outro acontecemento. Sinala unha coincidencia temporal no pasado con respecto a un referente situado tamén no pasado.

Estaban os dous na casa, soou o teléfono e saíron axiña.

CONTRASTE COPRETÉRITO/ANTEPRETÉRITO

Co **copretérito** evocamos circunstancias simultáneas.

Saín por froita e eles estaban moi tranquilos.

Co **antepretérito** evocamos circunstancias anteriores. Serve para facer referencia a circunstancias e a accións pasadas, anteriores a outro feito pasado.


Cando volvían xa desapareceran.

1. Completa a historia co tempo de pasado axeitado (pretérito, copretérito, antepretérito).

asinar	tocar	estar (2)	chegar	presentarse
recuperar	atopar	ver	recoller	
preguntarlle	dicir	entrar	chamar	abrir
				ter

Cando _____ á casa e _____ a porta deime conta axiña, _____ todo revolto: os caixóns estaban fóra do seu sitio, non _____ o xoieiro nin o meu ordenador persoal, así que pensei que _____ uns ladróns. _____ a policía e non _____ nin _____ nada esperando a que apareceran. _____ en quince minutos. Cando chegaron os axentes _____ onde _____ eu e se lle _____ a alguén que ía estar fóra. Tamén quixeron saber se _____ algún sospeitoso ao redor da casa. _____ a declaración e quedaron en avisarme se _____ noticias e _____ o roubado.





2. Como cres que reaccionan estas persoas ante o relato? Completa os diálogos.

- Saín un momento facer a compra e cando volvínxo desapareceran!
- _____? Miraches ben na casa? Non estarán no xardín ou na horta?

- Bos días, Fernando! Temos un problema!
- _____? Que facedes as dúas aquí? Non tiñades que estar estudando!

- Unha vez viaxando por Francia, unha amiga e mais eu equivocámonos de tren e aparecemos noutra cidade.
- _____?

- Coñecín o meu noivo nun aeroporto.
- _____! Eu tamén.

- Sabes que a Torre de Hércules foi candidata a ser declarada Patrimonio da Humanidade pola Unesco?
- _____. Pois eu non sabía nada.

Reaccionar ante un relato

Expresar interese

Que pasou?

Como foi?

Expresar incredulidade ou dúbida

De verdade?

En serio?

Expresar satisfacción ou felicidade

Que ben!

Que marabilla!

Expresar coincidencia

Que casualidade!

Expresar tristeza

Que pena!


Que mágoa!



3. Currículo, entrevista persoal e ofertas de traballo.

En parellas.

A Escribe o teu currículo. Despois explícallo ao teu compañeiro.



- Nacín o _____ de _____ en _____.


- Estudei _____ de _____ a _____.

- Traballei en _____ ata _____.

- Un ano despois _____.

- Hai un ano/un mes/unha semana _____.

...



B O teu compañeiro, entrevistador dunha axencia de traballo temporal, prepara por escrito a entrevista e faicha.

- En que ano rematou a carreira?
- Por que estudou...?
- Estivo algunha vez en...?
- Traballou en algo relacionado coa súa titulación?
- Cal dos traballos anteriores lle gustou máis/menos? Por que?
- Viuse nalgunha situación desagradable no traballo? Como saíu dela?
- ...

C Están dispoñibles estas ofertas de traballo.

Cales son adecuadas para o teu compañeiro ou compañeira? Proponlle algunha.

Coidador/a de nenos para A Estrada

Para traballar no coidado de dous nenos a xornada parcial, pola tarde, en horario de 16:30 a 19:30 horas, de luns a xoves. Necesaria experiencia no posto.

Chamar polas tardes ao 986 544321

Asesor/a comercial para Viveiro

Realizará tarefas administrativas e comerciais nunha inmobiliaria. Necesario carné de conducir e vehículo propio, coñecementos a nivel alto de galego e de informática. Entre 23 e 40 anos.

Contactar: www.emplo.com. Oferta n° 964155

Axudante/a de cociña para A Coruña

Realizará tarefas de limpeza e lavado de pratos, ademais de recoller a cociña dun restaurante. Ofrecen día libre os luns, ademais de martes e mércores pola noite. Entre 20 e 50 anos. Xornada completa en quenda partida.

Para contactar: www.emplo.com. Oferta n° 964366

Profesor/a de contabilidade para Vilagarcía

Impartirá un curso de contabilidade informatizada, dentro dun programa de formación continua para traballadores.

Necesaria experiencia como docente ademais de coñecementos de Contaplus.

Horario de 15:30 a 16:30 horas.

Para contactar: www.emplo.com. Oferta n° 999888

Conductor/a de autobús

Empresa dedicada ao transporte de viaxeiros por estrada precisa condutor/a para liñas regulares pola provincia da Coruña. Valórase experiencia. Imprescindible carné de conducir D. Incorporación inmediata.

Para contactar: www.emplo.com. Oferta n° 989098

Operario/a de granxa vacún para Meira


Realizará o coidado e atención dunha granxa, levando a cabo tarefas de mantemento das instalacións e o coidado dos animais. Ofrecen contrato de tres meses con posibilidades de pasar a indefinido. Xornada completa con dous días libres á semana. Entre 18 e 50 anos.

Contactar no 982 334455

En Lalín precísase axente de enquisas

Realizará enquisas domiciliarias por todo o concello. Necesaria titulación mínima de Bacharelato, permiso de conducir tipo B e vehículo propio para desprazarse ao lugar de traballo.

Contactar chamando ao 986 342122



- Pode vostede traballar como/de porque

D Cambiade os papeis, entrevistador e entrevistado.

4. Mundo laboral.

A Le o seguinte texto.

Bo ambiente no traballo

No mundo empresarial actual, cada vez máis competitivo, un equipo motivado é esencial para obter bos resultados.

Moitas son as técnicas que utilizan os directivos para manter un bo ambiente de traballo nunha empresa: contar cunha boa política retributiva; isto é, ofrecer un salario xusto, que a nómina sexa un incentivo para atraer os bos candidatos, tratar ben ao persoal ou fomentar as súas iniciativas.

A eficacia da empresa é outro punto decisivo, os provedores agradecen que os seus distribuidores, e viceversa, teñan a documentación e a contabilidade en orde: facturas claras ou albarás correctos facilitanlle ao cliente a rapidez nas xestións comerciais.

Hai empresas que non valoran os esforzos dos seus traballadores. Implan tan unha flexibilidade de horarios á medida do xefe. Outras insisten en practicar unha política de portas pechadas; é dicir, os cargos directivos manteñen as distancias e impiden a comunicación.



Motivar os empregados e facelos sentir a gusto na empresa reflectirase nunha mellor e maior calidade do traballo producido.



B Estas palabras están relacionadas co mundo da empresa. Algunhas refírense a persoas ou entidades e outras a documentos escritos. Agrúpaas.


factura	traballador	candidato	nómina	entrevistador
recibo	provedor	contrato	albará	distribuidor

Persoas ou entidades

Documentos

C Aquí tes as definicións dalgunhas das palabras anteriores. A que palabras se refíren?

- É o papel oficial que recibe o traballador cando lle pagan o soldo:
- É un documento que lle entrega un traballador a unha empresa cando está enfermo:
- É unha empresa que lles vende e comercializa produtos a outras empresas:
- É un documento que indica o importe que hai que pagar por un produto ou servizo:
- É unha empresa ou persoa que lle subministra produtos a unha empresa:



O ACENTO DIACRÍTICO ⁽¹⁾

Utilízase para distinguir dúas palabras que teñen a mesma forma na escrita, pero que se diferencian porque a vogal tónica ten distinto timbre ou porque unha palabra é tónica e a outra átona (*póla/pola, dá/da*).

Pónselle sempre acento gráfico á palabra que ten vogal aberta ou á que é tónica. Así:

á (a + a artigo; subst.)	a (artigo; pron.; prep.)
ás (a + as artigo; subst.)	as (artigo; pron.)
bóla ('esfera')	bola (peza de pan)
cá (ca + a)	ca (conx.)
cás (ca + as)	cas (prep.)
chá ('plana')	cha (che + a)
chás ('planas')	chas (che + as)
có (ca + o)	co (con + o)
cós (ca + os; subst.)	cos (con + os)
cómpre ('é mester')	compre ('merque')
cómpren ('son mester')	compren ('merquen')
dá (pres. e imp. de dar)	da (de + a)
dás (pres. de dar)	das (de + as)
dó ('compaixón')	do (de + o)
é (pres. de ser)	e (conx.)
fóra (adv.)	fora (antepret. de ser e ir)
má ('ruín')	ma (me + a)
más ('ruíns')	mas (me + as)
máis (adv. e pron.)	mais (conx.)
nó (subst.)	no (en + o)
nós (pron. tónico; pl. de nó)	nos (pron. átono; en + os)
ó (a + o)	o (artigo; pron.)




O ACENTO DIACRÍTICO ⁽²⁾

ós (a + os)	os (artigo; pron.)
óso (do corpo)	oso (animal)
pé (parte do corpo)	pe (letra)
póla ('rama')	pola ('galiña'; por + a)
pór ('poñer')	por (prep.)
présa ('apuro')	presa ('prendida'; 'presada')
sé ('sede eclesiástica'; imp. de ser)	se (conx.; pron.)
só (adv. e adx.)	so (prep.)
té ('infusión')	te (pron.; letra)
vén (pres. de vir)	ven (pres. de ver; imp. de vir)
vés (pres. de vir)	ves (pres. de ver)
vós (pron. tónico)	vos (pron. átono)

Escoita e acentúa.





Faltan da súa casa

Cando desapareceron a señora Carme e o señor Eduardo, Angélica chamou a súa amiga Rosa. As dúas mozas foron xuntas avisar a Fernando, o fillo dos velliños que cuidaba Angélica. El chamou os familiares e despois a policía. Horas máis tarde, a policía iniciou as súas investigacións, sabendo que os señores Fontes xa desapareceran outras veces, naquelas ocasións, atopáranos ao cabo de pouco tempo. A primeira hipótese que barallou a policía foi a de que se desorientaran, xa que ambos tiñas problemas de falta de memoria. Descartaron así un secuestro ou unha fuga voluntaria. Enviaron axentes á casa dos desaparecidos e estes tomáronlles declaración aos seus familiares e á persoa que os cuidaba.

1. Cales cres que foron as preguntas que o inspector de policía lle fixo a Angélica?

Escribe posibles preguntas da policía e respostas da coidadora.


2. Despois, co teu compañeiro ou compañeira, representa oralmente o interrogatorio.

- *Cando foi a última vez que viu os señores Fontes?*
- *Onde estaba vostede no momento da desaparición?*

3. Como cres que rematou a historia? Formula as túas hipóteses.

- *Os señores Fontes estaban na estación de autobuses comprando uns billetes para Fonsagrada, a súa aldea natal.*
- *Atopáronos inconscientes no cemiterio.*
- *Volveron á casa despois de dous días, sans e salvos, sen saber onde estiveran.*
- *Nunca máis se soubo deles...*

4. Inventa outro final por escrito (unhas 20 liñas), despois coméntao co resto da clase e veremos quen é máis orixinal.



Contido sociocultural

Empresarios famosos

En parellas. Un alumno ten o texto A e o compañeiro ou compañeira o texto B.

TEXTO A

Le o texto, cóntalle ao teu compañeiro de quen fala, pero sen darlle o nome; o teu compañeiro farache preguntas para descubride que personaxe se trata. Practicade os pasados. Non podes usar palabras claves como Zara, Inditex...



Amancio Ortega, Inditex

Amancio Ortega, o fundador e presidente do imperio téxtil Zara, é un dos homes máis ricos de España e a oitava persoa máis rica do mundo.

A firma Zara naceu en 1963 coa apertura da súa primeira fábrica e en 1975 inaugurou a primeira tenda na Coruña. Na actualidade, está nas principais áreas comerciais das cidades máis importantes de Europa, América e Asia.

Amancio Ortega naceu en León en 1936 e chegou á Coruña de neno. Empezou a traballar de rapaz. Aos 14 anos, entrou como repartidor nunha camisería e despois contratárono nunha mercería. Alí adquiriu coñecementos básicos sobre tecidos e xurdiron ideas para o seu primeiro negocio: batas. Fabricounas cos menos custos, distribuíunas e vendeunas directamente. Esta idea foi a orixe de Zara. En 1985, creouse o grupo Inditex para acoller as distintas empresas da confección e a distribución que posúe. Ademais do negocio téxtil, Ortega diversificou a súa iniciativa empresarial cara a outros sectores industriais, como o inmobiliario, o financeiro, os concesionarios de automóviles ou a xestión de fondos de investimento.

Tivo un único fillo varón, Marcos, que naceu cunha grave discapacidade e o empresario, xunto coa súa muller daquela, promoveron a creación da Fundación Paideia, unha institución de integración de discapacitados. Separouse en 1986 e despois volveu casar coa que foi a súa secretaria durante anos. Con esta tivo unha filla, Marta, que se perfila como sucesora á fronte do grupo empresarial. No ano 2001, creou a Fundación Amancio Ortega, institución privada sen fin de lucro que promove actividades no campo da cultura, a investigación, a educación e a ciencia.

TEXTO B

Le o texto, cóntalle ao teu compañeiro de quen fala, pero sen darlle o nome; o teu compañeiro farache preguntas para descubrir de que personaxe se trata. Practicade os pasados. Non podes usar palabras claves como chef, xefe de cociña...



Toñi Vicente, Restauradora

Toñi Vicente, primeira chef galega en gañar unha estrela Michelin, milita na alta restauración.

Naceu en Tomiño, Pontevedra, no ano 53. Toñi Vicente cociñou para Felipe González, François Mitterrand, Margaret Thatcher... Recibiu, entre outros galardóns, o premio nacional á mellor xefa de cociña.

- Empezou vostede a familiarizarse coa cociña na súa infancia?

- Pois si. Eu nacín nunha familia de cociñeiros, os meus pais xa tiñan restaurante. A miña nai criouse nunha abadía, que era onde realmente se facía unha cociña elaborada e culta. Os monxes eran os únicos que viaxaban e había transmisión de coñecementos.


- Así que de pequena enredaba entre os pucheiros.

- Non sei se me deixaban enredar moito. Pero eu penso que iso vai creando un pouso.

- Despois de súa nai, que outros mestres tivo?

- Cando me emancipei e muntei restaurante en Vigo, sentín o tremendo peso da responsabilidade. É algo que case te afunde. Eu tiña unha base, pero decatábame de que necesitaba ver outras cociñas. Viaxei moito, informeime moito... Busquei, por dicilo dalgunha maneira, o meu soporte.





- **E sabía o que estaba buscando? Sabía cara a onde ía?**

- Si, eu penso que si. Eu parto dunha cociña moi moi tradicional, pero necesitaba experimentar unha evolución. Penso que sempre tiven moi claro o que quería. Os comezos foron difíciles, porque en Galicia a cociña é o que máis lentamente evoluciona. Hai 20 anos, a xente rexeitaba as miñas ensaladas "marinadas". Despois de todo, isto é un negocio e tes que gañar cartos. Pero eu tiña tan claro que sabía que ese era o camiño e que tiña que triunfar.

- **O que vostede buscaba non existía en Galicia?**

- Non. A miña nai coidaba moito as cousas, presentábaas moi ben. Eu recordo que nos meus comezos facía unhas nécoras recheas, unha receita tradicional que xa facía miña nai, e chamábanme "cociñeira afrancesada".

- **Arrastrou sempre esa etiqueta: afrancesada?**

- Penso que agora xa non, pero si nos principios. No momento en que presentabas algo cun pouco de coidado, xa parecía que non tiña que ver coa nosa terra. E eu penso que iso non é verdade. En Galicia o que máis dano lle fixo á cociña é a boa materia prima que temos.

Texto adaptado de galiciagastronomica.com


Le o texto, cóntalle ao teu compañeiro de quen fala, pero sen darlle o nome; o teu compañeiro farache preguntas para descubrir de que personaxe se trata. Practicade os pasados. Non podes usar palabras claves como Zara, Inditex...

Onde naceu?

Tivo fillos?

Recibiu algún premio?

...




Vaia susto!

A Que problemas se poden presentar nunha estación de autobuses ou de tren? E nun aeroporto?

B Roubáronche ou perdiches algunha vez o DNI ou o pasaporte? E un billete de avión?

Seguro que tes unha anécdota interesante, cóntallela aos teus compañeiros.

C Escoita o que lles pasou a Xoán e a Andrés. 

D Responde:


Xoán e Andrés chegaron a tempo ao aeroporto?

Que fixeron antes de facturar?

Que lle pasou a Andrés?

Cando se decatou Xoán do que lle acontecera a Andrés?





Repaso

Sucesos


En grupos de catro:

1. Pensade unha noticia de actualidade que ocorrera na vosa vila ou cidade ou no mundo e que todos poidan coñecer.
2. Escribide a historia e dade algún dato falso.
3. Lede a noticia en voz alta.
4. O resto da clase ten que adiviñar onde está o erro.



Oficios e profesións


1. Na sección de "Ofertas de traballo" do exercicio 3 de gramática e léxico aparecen algúns nomes de oficios e profesións. Pensade outros.
2. Un alumno di un nome dun oficio ou profesión e o compañeiro do lado ten que dicir outro relacionado co anterior. Se pasan máis de cinco segundos sen contestar, comeza outro alumno con outro nome ou verbo e pode cambiar de temática.
 - *Agricultor, campesiño, gandeiro...*
 - *Construír, edificar, pintar...*
3. Reparade nos oficios e profesións que acabades de mencionar ou nos vosos reais. Que teñen de bo? e de malo?, por que?
 - O bo de ser profesor é que coñeces moita xente interesante e o malo é que non te fas millonario.*
 - O mellor de ser... é que... e o peor é que...*
 - As vantaxes de ser xefe de... son que... e os inconvenientes son que...*



Portfolio

Lembras?


	Cando foi? Que pasou?	Onde estabas?	Que tempo ía?	Con quen estabas?	Lembras como ías vestido/a?
Un día feliz	<i>O 30 de agosto: casei</i>	<i>Daquela eu vivía en Roma</i>	<i>Ía moi bo tempo</i>	<i>Co meu marido e os invitados</i>	<i>Levaba o vestido noiva</i>
Un día especial na túa nenez					
Un día de boa sorte					
Un día de mala sorte					
Namorácheste por primeira vez					
Un día que decidiches algo importante					
A última vez que pasaches moita vergonza					
A última vez que pasaches moito medo					



Que sei facer?

Son capaz de...	BEN	REGULAR	MAL
Relatar accións e circunstancias pasadas			
Dar e pedir información sobre sucesos pasados			
Informar de actividades no pasado consideradas no seu punto de partida			
Reaccionar ante un relato			
Usar os distintos tempos verbais en pasado			

- ❖ Que palabras desta unidade quero recordar?
- ❖ Que cuestións gramaticais me parecen máis complicadas?
- ❖ Que actividade me foi de maior axuda?
- ❖ Cal non me gustou? Por que?
- ❖ Participei suficientemente na clase?
- ❖ Que podo mellorar?



Transcripción do audio

1. Actividade introdutoria.

Angélica e Rosa falan por teléfono.

ANGÉLICA: Rosa, estou desesperada, non atopo a señora Carme nin o señor Eduardo. Saín un momento facer a compra e cando volvínxo desapareceran!

ROSA: En serio? Miraches ben na casa? Non estarán no xardín ou na horta?

ANGÉLICA: Revisei todo, ata mirei nos armarios e debaixo da cama.

ROSA: E sabes se levaron algo con eles?

ANGÉLICA: Creo que non, non noto que falte nada.

ROSA: Pois haberá que chamar a policía.

ANGÉLICA: Eu pensaba avisar o fillo antes, podes acompañarme á súa casa?, prefiro dicirlllo en persoa a avisalo por teléfono.

ROSA: Claro, en dous minutos estou aí e imos.

ANGÉLICA: Graciñas, agárdote.

Angélica e Rosa van á casa de Fernando.

ANGÉLICA: Bos días, Fernando! Temos un problema!

FERNANDO: Que pasou? Que facedes as dúas aquí? Non tiñades que estar estudando!

ANGÉLICA: Non sei onde están teus pais! Saín un momento e cando volvínxo á casa, non había ninguén.

ROSA: Non viñeron aquí, verdade?

FERNANDO: Non, meu Deus, xa é a terceira vez que desaparecen.

ANGÉLICA: Eu só os deixei dez minutos mentres saín por froita e eles estaban moi tranquilos vendo a televisión.

ROSA: Tranquilos, seguro que están na alameda ou na igrexa.

ANGÉLICA: Onde foran das outras veces que escaparon?

FERNANDO: Unha vez apareceron na casa de miña prima Sabela, outra estaban na igrexa.

ROSA: Non vos preocupedes, non andarán moi lonxe.

FERNANDO: Será mellor avisar a policía canto antes, e vou chamar tamén os meus primos por se están alí. Angélica ti vai para a casa por se volven.



ROSA: Eu podo ir mirar á igrexa e pasar pola alameda a ver se están alí.

FERNANDO: Vale, moitas grazas. Vou chamar...

2. Fonética e ortografía.

Escoita e acentúa.

Gústame máis o café có té.

Tropezou nunha póla da cerdeira e caeu de fociños.

Baixou do autobús con tanta présa que rompeu un óso do pé dereito.

Vés ou non vés con nós ao fútbol?, despois lévote eu á túa casa.

Non dá pé con bóla, e iso que llo expliquei ben aí fóra.

Cómpre que compres dúas bolas e un quilo de fariña.

É máis alto ca ti e menos cá súa irmá.

Sempre che enviaba unha cesta por Nadal, pero desde que se foi para a Terra Chá non cha volveu mandar.

A vós quen vos invitou a esta festa?

Pedinche que me fixeses a compra e non ma fixeches. Es ben má!

3. Modelo actividade Celga.


Vaia susto!

Chegamos ao aeroporto con tempo, colleramos o primeiro tren da mañá para non ter problemas. Así que como aínda non estaban abertos os mostradores para facturar, fomos á cafetería tomar algo. Unha hora máis tarde, o meu amigo facturou a maleta e á porta do control da policía despedinme del. Esperei aínda un cacho, ata que vin pola pantalla que os viaxeiros do voo I0752 estaban embarcando. Collín o tren de volta e regresei á casa lembrando aqueles días xuntos.

E el case queda en terra!

Só ao día seguinte souben o que ocorrera realmente.

Perdera o billete de camiño á porta de embarque, tivera que dar media volta e buscar por todo o aeroporto ata o mostrador de facturación, pero ninguén atopara nada. Desesperado intentou convencer as azafatas do seu caso, pero non o deixaban entrar no avión. Cando só faltaba un minuto para o despegue, chegou unha azafata co billete. Por fin puido volver á casa



sen problema; iso si, cun bo susto no corpo.

E eu tan tranquilo de camiño á casa.